
Galician Books for Children & Young Adults 2020

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2020
Libros infantiles y juveniles de Galicia 2020



XUNTA DE GALICIA

Galician Books for Children & Young Adults

2020

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2020

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2020

XUNTA DE GALICIA

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura e Turismo
Dirección Xeral de Políticas Culturais

Coordinación editorial
Llerena Perozo Porteiro, Alicia Lombán Pazos e Marta Coira Chorén

Revisión editorial
Mercedes Pacheco Vázquez

Traducións
Mercedes Pacheco Vázquez e Roi Pérez Vila

Ilustración da cuberta
Manuel Uhía

Maquetación
Nieves Ozores Núñez

Produción
GÁLIX

D.L.
C 288-2018

Galician Books for Children & Young Adults 2020

Libros infantís e xuvenís de Galicia 2020

Libros infantiles y juveniles de Galicia 2020

07

Reading Promotion
Promoción da lectura
Promoción de la lectura

13

Books
Libros
Libros

130

Publishers'
Enderezos das editoriais
Direcciones de las editoriales

A literatura infantil e xuvenil é, ante todo e esencialmente, literatura e, no caso da maior parte da LIX galega, literatura de altísima calidade, recoñecida e valorada nos eidos nacional e internacional. Falamos de obras cun valor formativo e pedagóxico que, como dixo Cicerón ao respecto da oratoria, instrúen, agradan e emocionan, activando así o descubrimento persoal dos máis novos.

A Xunta, a través do seu apoio a este catálogo, promove a LIX e dá a coñecer a obra dos nosos autores e autoras en diversos foros profesionais do eido do libro, principalmente, na cita fundamental neste sector, a Feira do Libro de Boloña. A carón do sector, fomentamos un proceso de intercambio bidireccional, que procura levar a nosa literatura fóra, pero tamén pretende importar o mellor da produción editorial nacional e internacional a Galicia.

Desde a Consellería de Cultura e Turismo traballamos en contacto coas principais institucións culturais e co sector para procurar que a industria do libro sexa competitiva dun xeito integral. Neste proceso, a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) é o mellor socio posible para unha eficaz promoción da nosa cultura e da nosa lingua en idades temperás.

Este volume acolle un total de 130 propostas editoriais galegas que reflicten a nosa produción máis recente, e faino dun xeito sintético e útil para os profesionais da LIX, que teñen nesta publicación tanto unha ferramenta comercial como unha tarxeta de presentación ante un sector editorial especializado.

Achegarlle á rapazada o libro e o gusto pola lectura, consolidar ese hábito no tempo e formar unha cidadanía con bos hábitos lectores é un dos grandes retos que temos como sociedade. Pois, hoxe coma onte, o libro segue sendo unha das mellores garantías para o porvir do idioma e a máis útil ferramenta da racionalidade e a cultura. Piares sólidos da sociedade democrática e moderna da que somos parte e que, dun xeito colectivo, construímos.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

La literatura infantil y juvenil es, ante todo y esencialmente, literatura y, en el caso de la mayor parte de la LIJ gallega, literatura de altísima calidad, reconocida y valorada a nivel nacional e internacional. Hablamos de obras con un valor formativo y pedagógico que, como dijo Cicerón respecto de la oratoria, instruyen, agradan y emocionan, activando así el descubrimiento personal de los más jóvenes.

La Xunta, a través de su apoyo a este catálogo, promueve la LIJ y difunde la obra de nuestros autores y autoras en diversos foros profesionales del sector del libro, principalmente, en la cita fundamental de este campo, la Feria del Libro de Bolonia. Al lado del sector, fomentamos un proceso de intercambio bidireccional, que procura exportar nuestra literatura, pero también pretende importar lo mejor de la producción editorial nacional e internacional a Galicia.

Desde la Consellería de Cultura e Turismo trabajamos en contacto con las principales instituciones culturales y el sector para procurar que la industria del libro sea competitiva de un modo integral. En ese proceso, la Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GÁLIX) es el mejor socio posible para una eficaz promoción de nuestra cultura y de nuestra lengua en edades tempranas.

Este volumen acoge un total de 130 propuestas editoriales gallegas que reflejan nuestra producción más reciente, y lo hace de un modo sintético y útil para los profesionales de la LIJ, que tienen en esta publicación tanto una herramienta comercial como una tarjeta de presentación ante un sector editorial especializado.

Acercar a la infancia y a la juventud el libro y el gusto por la lectura, consolidar ese hábito en el tiempo y formar a una ciudadanía con buenos hábitos lectores es uno de los grandes retos que tenemos como sociedad. Pues, hoy como ayer, el libro sigue siendo una de las mejores garantías para el porvenir del idioma y la más útil herramienta de la racionalidad y la cultura. Pilares sólidos de la sociedad democrática y moderna de la que somos parte y que, de un modo colectivo, construimos.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

Children's and young people's literature is, first and foremost, literature and, in the case of most of the Galician one, it is literature of the finest quality which is recognised and valued nationally and internationally. These are works that carry a formative and pedagogical value. As Cicero once said about speech, it instructs, pleases and moves, thus enabling the personal discovery of the youngest readers.

The Galician government, through its support to this catalogue, promotes Children's and young people's literature and spreads the work of our authors in several professional forums of the publishing sector, mainly, in the fundamental event in this sector, the Bologna Book Fair. Together with the publishing houses, we encourage a two-way process of exchange, which seeks to export our literature, but also aims to import the best of national and international publishing production to Galicia.

From the Consellería de Cultura e Turismo we work in contact with the main cultural institutions and the sector to try to make the book industry competitive in a comprehensive way. In this process, the Galician Association of Children's and Young People's Books (GÁLIX) is the best possible partner for the effective promotion of our culture and language at an early age.

This volume includes a total of 130 Galician publishing releases that reflect our most recent production, and does so in a synthetic and useful way for LIJ professionals, who have in this publication both a commercial tool and a business card before a specialized publishing sector.

Bringing books and taste for reading closer to children and young people, consolidating this habit over time and training a citizenry with good reading habits is one of the great challenges we have as a society. Today, as in the past, books continue to be one of the best guarantees for the future of language and the most useful tool for rationality and culture. Solid pillars of the democratic and modern society of which we are part and which, collectively, we build.

Román Rodríguez González
Head of the Culture and Turism Office
Xunta de Galicia

GÁLIX

Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil
Centro de Emprendemento Creativo de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás,
15707 Santiago de Compostela (España)
www.galix.org galix@galix.org

Lingua e cultura propias

O territorio dunha cultura é a súa lingua, por esta razón Galicia é unha comunidade autónoma do noroeste de España que, desde a Idade Media, desenvolveu unha vida e industrias culturais propias que, falando galego, son cada día máis universais. Orixinariamente o idioma galego e o portugués nacen da lingua galego-portuguesa, lingua romance empregada na Gallaecia na época medieval, pero as dúas linguas distanciáronse como consecuencia dunha serie de acontecementos históricos. Hoxe considérase o galego dentro do universo da lusofonía, que oficialmente utiliza o portugués en oito países e que se mantén como segunda lingua en, polo menos, oito estados onde a cultura portuguesa tivo implantación. A lingua galega, polo tanto, fala de ti a ti con todas as formas e acentos da lusofonía, utilizada por máis de douscentos cincuenta millóns de persoas en todo o mundo.

Na actualidade un dos piares sólidos e solventes da polifacética cultura galega é a literatura infantil e xuvenil (LIX). En Galicia, con máis de dous millóns e medio de habitantes, anualmente producimos máis dun centenar de títulos propios, moitos dos cales se exportan a outras linguas e acadan importantes audiencias noutras culturas, unha vez traducidos ás súas linguas. En paralelo tamén se traducen doutros idiomas os máis exitosos títulos e a edición mantén un constante crecemento.

O feito de traspasar fronteiras e ter acollida noutras linguas e culturas fala da solvencia da nosa LIX, que cada ano supera o centenar de novas obras propias e mantén títulos en permanentes reimpresións. O presente catálogo, elaborado por GÁLIX e dirixido ao mundo editorial, ás axencias literarias e ao mercado de dereitos en xeral, recolle as novidades producidas en 2019.

Xosé Antonio Perozo
Presidente de GÁLIX

Own Language and culture

The territory of a culture is its language, for this reason Galicia is an autonomous community in the northwest of Spain that, since the Middle Ages, has developed its own life and cultural industries that, by speaking Galician, are increasingly universal. Originally, Galician and Portuguese languages were born from the Galician-Portuguese language, the Romance language used in Gallaecia in medieval times, but because of a series of historical events, the two languages distanced themselves. Today Galician is considered within the lusophone universe, where in eight countries Portuguese is the official language and remains a second language in at least eight states where Portuguese culture was established. The Galician language, therefore, speaks in its own right with all the lusophone forms and accents, used by more than two hundred and fifty million people worldwide.

Currently, one of the solid and solvent pillars of the versatile Galician culture is children and youth literature (LIJ). In Galicia, with more than two and a half million inhabitants, we annually produce more than a hundred of our own publications, many of which are exported to other languages and reach important audiences in other cultures, once translated into their languages. Moreover, the most successful releases are also translated from other languages and the publishing sector has a consistent growth.

Crossing borders and having reception in other languages and cultures speaks of the solvency of our LIJ, which every year exceeds a hundred new own works and keeps publications in continuous reprints. This catalog, prepared by GÁLIX and aimed at the publishing sector, literary agencies and the copyright market in general, compiles every new release produced in 2019.

Xosé Antonio Perozo
President of GÁLIX

Lengua y cultura propias

El territorio de una cultura es su lengua, por esta razón Galicia es una comunidad autónoma del noroeste de España que, desde la Edad Media, ha desarrollado una vida e industrias culturales propias que, hablando gallego, son cada día más universales. Originariamente el idioma gallego y el portugués nacen de la lengua gallego-portuguesa, lengua romance empleada en la Gallaecia en la época medieval, pero como consecuencia de una serie de acontecimientos históricos las dos lenguas se distanciaron. Hoy se considera al gallego dentro del universo de la lusofonía, que oficialmente utiliza el portugués en ocho países y se mantiene como segunda lengua en, al menos, ocho estados donde la cultura portuguesa tuvo implantación. La lengua gallega, por tanto, habla de tú a tú con todas las formas y acentos de la lusofonía, utilizada por más de doscientos cincuenta millones de personas en todo el mundo.

En la actualidad uno de los pilares sólidos y solventes de la polifacética cultura gallega es la literatura infantil y juvenil (LIJ). En Galicia, con más de dos millones y medio de habitantes, anualmente producimos más de un centenar de títulos propios, muchos de los cuales se exportan a otras lenguas y alcanzan importantes audiencias en otras culturas, una vez traducidos a sus lenguas. En paralelo también se traducen de otros idiomas los más exitosos títulos y la edición mantiene un constante crecimiento.

El hecho de traspasar fronteras y tener acogida en otras lenguas y culturas habla de la solvencia de nuestra LIJ, que cada año supera el centenar de nuevas obras propias y mantiene títulos en permanentes reimpresiones. El presente catálogo, elaborado por GÁLIX y dirigido al mundo editorial, a las agencias literarias y al mercado de derechos en general, recoge las novedades producidas en 2019.

Xosé Antonio Perozo
Presidente de GÁLIX





BOOKS
LIBROS

A Mesa pola Normalización Lingüística



O tempo cronolóxico

Mes de publicación: xullo
Texto: A Mesa pola Normalización Lingüística
Ilustracións: Xulia Vicente
Descrición: 30 p. 16,5 x 16,5
ISBN: 9788409128242




Este título forma parte do proxecto didáctico destinado á educación infantil.
O tempo cronolóxico, con 30 ilustracións de Xulia Vicente, é para aprender, identificar e provocar interese polo tempo cronolóxico nas nenas e nenos. Ten como obxectivos incrementar o uso do galego na educación infantil, proporcionar materiais en galego para nenas/os de 0 a 6 anos, potenciar o uso de vocabulario en galego e aprender o nome dos elementos cronolóxicos.


This title is part of the educational project aimed at early childhood education.
O tempo cronolóxico, with 30 illustrations by Xulia Vicente, is aimed to learn, identify and awake interest on chronological time in girls and boys. This book aims to increase the use of Galician in early childhood education, provide materials in Galician for children from 0 to 6 years, promote the use of vocabulary in Galician and learn the name of the chronological elements.

Este título forma parte del proyecto didáctico destinado a la educación infantil.
O tempo cronolóxico, con 30 ilustraciones de Xulia Vicente, es para aprender, identificar y provocar interés por el tiempo cronológico en las niñas y niños. Este libro tiene como objetivos incrementar el uso del gallego en la educación infantil, proporcionar materiales en gallego para niñas/os de 0 a 6 años, potenciar el uso de vocabulario en gallego y aprender el nombre de los elementos cronológicos.

Atlas da Galicia pequeniña

Mes de publicación: decembro
Texto: César Cequeliños
Ilustracións: Jorge Campos
Descrición: 64 p. 24 x 17 cm
ISBN: 9788494780790






Libro ilustrado pensado para crianzas de todas as idades que percorre moitas áreas da identidade nacional galega: xeografía, historia, lendas, personaxes célebres, festas e celebracións, símbolos... Un percorrido visual útil para aprender a coñecernos mellor como pobo, desenvolvido con mestría por César Cequeliños e Jorge Campos, premio da Gala do Libro 2017 polo seu cómic *Alter·Nativo*.

Illustrated book designed for all ages that covers many areas of the Galician national identity: geography, history, legends, famous people, festivities and celebrations, symbols... A useful visual tour to learn to know ourselves better as a people, masterfully done by César Cequeliños and Jorge Campos, Gala do Libro 2017 award for his comic *Alter·Nativo*.

Libro ilustrado pensado para todas las edades que recorre muchas áreas de la identidad nacional gallega: geografía, historia, leyendas, personajes célebres, fiestas y celebraciones, símbolos... Un recorrido visual útil para aprender a conocernos mejor como pueblo, realizado con maestría por César Cequeliños y Jorge Campos, premio Gala do Libro 2017 por su cómic *Alter·Nativo*.



Teño dereitos

Mes de publicación: novembro
Texto: César Lorenzo Gil
Ilustracións: Miguel Robledo
Descrición: 32 p. 20 x 20 cm
ISBN: 9788494780783




Libro ilustrado para primeiros e primeiras lectoras. Promovido por Esculca. Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, é un libro informativo sobre os principais dereitos humanos, contados dun xeito atractivo a través dun universo colorido e simbólico moi moderno.
No mundo cométense moitas veces inxustizas e abusos sobre as persoas. Mais todo ser humano, polo simple feito de selo, sexa cal sexa a súa orixe, a súa familia, as súas capacidades e diferenzas, merece ser.


Illustrated book for first-time readers. Promoted by Esculca. Observatory for the Defense of Rights and Liberties, is an informative book on the most important human rights, told in an attractive way through a colorful, very modern and symbolic universe.
In the world, injustices and abuse of people are often committed. But every human being, by the simple fact of being, regardless of its origin, family, abilities and differences, deserves to be.

Libro ilustrado para primeros y primeras lectoras. Promovido por Esculca. Observatorio para a Defensa dos Dereitos e Liberdades, es un libro informativo sobre los principales derechos humanos, contados de un modo atractivo a través de un universo colorido y simbólico muy moderno.
En el mundo se cometen muchas veces injusticias y abusos sobre las personas. Pero todo ser humano, por el simple hecho de serlo, da igual su origen, familia, capacidades y diferencias, merece ser.

Ola! Son un bicho bóla!

Mes de publicación: novembro
Texto: Elvira Ribeiro
Ilustracións: Noe González
Descrición: 32 p. 23 x 28 cm
ISBN: 9788494738944





Ola! Son un bicho bóla! é un álbum para rir e descubrir as habilidades dos bichos bóla que viven ao redor do mundo. O divertimento está asegurado pero tamén a reflexión arredor da construción da comunidade dende a diversidade. É un libro orientado a prelectores e primeiros lectores e lectoras.

Ola! Son un bicho bóla! is an album meant to laugh and discover the skills of ball-shaped creatures living around the world. The fun is granted, but also the reflection around community building from diversity. It is a book aimed at readers and first readers.

Ola! Son un bicho bóla! es un álbum para reír y descubrir las habilidades de los bichos bola que viven alrededor del mundo. La diversión está asegurada pero también la reflexión acerca de la construcción de la comunidad desde la diversidad. Es un libro orientado a prelectores y primeros lectores y lectoras.

A auga, o dragón e o salgueiro chorón



Mes de publicación: novembro
Texto: Xosé A. Perozo
Ilustracións: Antonio Seijas
Descrición: 35 p. 21 x 21 cm
ISBN: 9788412038231




Poden ser amigos un dragón e un salgueiro? Pois si, cando os animais e as plantas falaban e vivían no monte da Cova da Serpe.
Serpe, un enorme dragón vermello, conseguirá que os ríos e mananciais non sequen e que a terra non quede sen auga. Nesta aventura acompañarannos as nubes grises cargadas de auga, que descargarán a chuvia sobre a terra seca e os bosques.

Can a dragon and a weeping willow be friends? They very well could, when animals and plants used to talk and live in the Cova da Serpe (Snake Cave).
Serpe, an enormous red dragon, will manage to avoid rivers and springs to become dry and the land to be short of water. In this adventure, grey clouds full of water will escort us, and release their rain over the dry land and the forests.

¿Pueden ser amigos un dragón y un sauce llorón? Pues sí, cuando los animales y las plantas hablaban y vivían en el monte de la Cova da Serpe.
Serpe, un enorme dragón rojo, conseguirá que los ríos y manantiales no se sequen y que la tierra no quede sin agua. En esta aventura nos acompañarán las nubes grises cargadas de agua, que descargarán la lluvia sobre la tierra seca y los bosques.

A grande epopea do pianista de Cans

Mes de publicación: maio
Texto: Xosé A. Perozo
Ilustracións: Fran Muñiz
Descrición: 54 p. 20 x 13 cm
ISBN: 9788412030822





Nas proximidades do Porriño, no cume do Monte Castelo, fronte á aldea de Cans existe un rochedo que representa un pianista sentado tocando o seu instrumento. Ese personaxe e o seu piano de cola gardan as notas da lenda de Pedro de Chamorro. Como aconteceu? Ese é o seu segredo, a apaixonante epopea de amor pola música e o tesón que Xosé A. Perozo resucitou aquí para gozo das xeracións presentes e futuras.


Near O Porriño, on the top of Monte Castelo, in front of the Cans village, there is a rock that represents a sit pianist playing his instrument. This character and its grand piano hold the notes of the Pedro Chamorro tale. How did it happen? That is its secret: the passionate epopee of love for music and the tenacity with which Xosé A. Perozo has here recovered to be enjoyed by present and future generations.

Cerca de O Porriño, en la cumbre del Monte Castelo, frente a la aldea de Cans existe una roca que representa a un pianista sentado tocando su instrumento. Ese personaje y su piano de cola guardan las notas de la leyenda de Pedro de Chamorro. ¿Cómo sucedió? Ese es su secreto, la apasionante epopeya de amor por la música y el tesón que Xosé A. Perozo resucitó aquí para disfrute de generaciones presentes y futuras.



Amor amargo

Mes de publicación: novembro
Texto: Xosé A. Perozo
Ilustracións: Victoria Riveiro Currais
Descrición: 93 p. 24 x 16,5 cm
ISBN: 9788412030808




Ana, dezasete anos e rematado o bacharelato, sae con Uxío e ten problemas coas súas amizades por mor desa relación. Uxío, vinte anos e na universidade, non cae ben. Non entenden que Ana, intelixente, aspirante a arquitecta e simpática, aguante o machismo de Uxío.
Os protagonistas vivirán distintas formas de entender as relacións de parella e o desenvolvemento dun amor amargo. A mestura de narración e de cómic fan desta novela un experimento literario interesante.

Ana, 17 years old, who has finished her bachelor's degree, is dating Uxío and she has troubles with her friends because of this relationship. Uxío, 20 years old and in the University, is not liked. They don't understand how Ana, who is smart, nice and an aspiring architect, can keep up with Uxío being sexist.
The main characters will experience the different ways to understand couple relationships and the processes of a bitter love. The mélange between narration and comic make of this novel an interesting literary experiment.

Ana, diecisiete años y acabado el bachillerato, sale con Uxío y tiene problemas con sus amistades por esa relación. Uxío, veinte años y en la universidad, no cae bien. No entienden que Ana, inteligente, aspirante a arquitecta y simpática, aguante el machismo de Uxío.
Los protagonistas vivirán distintas formas de entender las relaciones de pareja y el proceso de un amor amargo. La mezcla de narración y cómic hacen de esta novela un experimento literario interesante.

Antonio Fraguas unha epopea vital

Mes de publicación: maio
Texto: Xosé A. Perozo
Ilustracións: Antonio Seijas
Descrición: 48 p. 21 x 21 cm
ISBN: 9788412030877





Antonio Fraguas Fraguas foi un intelectual en cuxa vida poderiamos resumir toda a realidade do século XX. Un neno de aldea que foi quen de acadar unha posición sobranceira na intelectualidade de Galicia grazas ao seu esforzo e tesón. Neste libro coñeceremos non só o home culto, senón tamén as súas facetas humanas máis íntimas. Esta é unha crónica na que, mediante dous camiños narrativos diferentes, poderemos percorrer a súa cronoloxía e a súa vida.

Antonio Fraguas Fraguas was an intellectual whose life could allow us to summarize the whole reality of the 20th century. A peasant boy that managed to reach an outstanding position in the Galicia intellectual scene thanks to his effort and tenacity.
In this book we will not only meet the cultivated man, but also his most intimate, human side. This is a chronicle in which, through different narrative paths, we will explore his chronology and his life.

Antonio Fraguas Fraguas fue un intelectual en cuya vida podríamos resumir toda la realidad del s. XX. Un niño de aldea que fue capaz de conseguir una posición destacada en la intelectualidad de Galicia gracias a su esfuerzo y tesón. En este libro conoceremos no solo al hombre culto, sino también sus facetas humanas más íntimas. Esta es una crónica en la que, mediante dos caminos narrativos diferentes, podremos recorrer su cronología y su vida.



Noite de Reis en Kalpankalá

Mes de publicación: novembro
Texto: Xosé A. Perozo
Ilustracións: Mª Fe Quesada
Descrición: 38 p. 21 x 21 cm
ISBN: 9788412038217



Aquel Nadal en Viladeteixo ía ser distinto. O derradeiro ano do século XX veu con sorpresas a aquela gran vila onde había un barrio rico e moitos outros pobres. A un destes últimos, Kalpankalá, chegaron os Reis Magos e Papá Noel de casualidade, por un estraño motivo que ninguén é capaz de coñecer. A resposta vaina ter Rosana *Patacatola,* unha xenial e estrafalaria avoa.

That Christmas at Viladeteixo was going to be different. The last year of the 20th century came with surprises to this village where there was a rich neighbourhood and many other that were poor. In one of the latter, Kalpankalá, the three Wise Men and Santa Klaus arrived by chance, for a reason that no one is capable of knowing. The answer will come from Rosana *Patacatola* (Weird Potatoe), a brilliant and extravagant grandma.

Aquella Navidad en Viladeteixo iba a ser distinta. El último año del siglo XX vino con sorpresas a aquel pueblo donde había un barrio rico y muchos otros pobres. A uno de estos últimos, Kalpankalá, llegaron los Reyes Magos y Papá Noel de casualidad, por un extraño motivo que nadie es capaz de conocer. La respuesta la va a tener Rosana *Patataloca,* una genial y estrafalaria abuela.

Sementamos igualdade

Mes de publicación: novembro
Texto: Llerena Perozo Porteiro
Ilustracións: Viki Berre
Descrición: 60 p. 21 x 21 cm
ISBN: 9788412038255





Todas e todos queremos vivir nun mundo mellor, habitado por xentes pacíficas, que se traten con respecto e colaboren nas tarefas comúns de convivencia en igualdade. Até que a metade da poboación non estea libre de sufrir violencia e discriminación polo feito de ser mulleres non viviremos nun sistema social xusto. Este manual é unha guía útil e didáctica para cambiar actitudes e comportamentos, e para distinguir o machismo e saber como actuar ante el.


We all want to live in a better world, inhabited by pacific people that treat each other with respect and collaborate on common tasks to live in conditions of equality. Until a half of the population is not freed from suffering violence and discrimination due to being women, we will not live in a fair social system. This handbook is a useful and didactic guide to change attitudes and behaviours, to identify male chauvinism and know how to react to it.

Todas y todos queremos vivir en un mundo mejor, habitado por gentes pacíficas, que se traten con respeto y colaboren en las tareas comunes de convivencia en igualdad. Hasta que la mitad de la población no esté libre de sufrir violencia y discriminación por el hecho de ser mujeres no viviremos en un sistema social justo. Este manual es una guía útil y didáctica para cambiar actitudes y comportamientos, y para distinguir el machismo y saber cómo actuar ante él.



A banda de Raimunda

Mes de publicación: maio
Texto: Pablo Nogueira
Ilustracións: Manuel Uhía
Descrición: 22 p. 19 x 15 cm
ISBN: 9788499953175



Este conto está deseñado para tecer actividades de estimulación da linguaxe oral a través dunha historia apaixonante e entrañable, pensada fundamentalmente para divertir a esgalla nenas e nenos, ao que, sen dúbida, contribúen visualmente as ilustracións de Manuel Uhía.
A ra Raimunda ten a ilusión de formar un grupo de rock. Gústalle tocar a guitarra e cantar cancións que movan a xente á alegría, pero non sabe tocar e da súa gorxa só sae un «croa, croa, croa».

This tale is designed to build activities for the stimulation of oral language through a fascinating and endearing story, thought fundamentally to entertain without limits the children, to which Manuel Uhía illustrations visually contribute without a doubt.
Raimunda the frog dreams of creating a rock band. She likes to play the guitar and sing songs that make people become joyful, but she doesn't know how to play, and from her throat only «croa, croa, croa» sounds come out.

Este cuento está diseñado para tejer actividades de estimulación del lenguaje oral a través de una historia apasionante y entrañable, pensada fundamentalmente para divertir sin límites a niñas y niños, a lo que, sin duda, contribuyen visualmente las ilustraciones de Manuel Uhía.
La rana Raimunda tiene la ilusión de formar un grupo de rock. Le gusta tocar la guitarra y cantar canciones que muevan a la gente a la alegría, pero no sabe tocar y de su garganta solo sale un «croa, croa, croa».

Bergan

Mes de publicación: febreiro
Texto: José Lorenzo Tomé
Descrición: 226 p. 19,5 x 13 cm
ISBN: 9788499953120





A Torre

Se cadra non oístes falar de Bergan, o máis novo dos dous fillos do señor de Penabranca.

Prestade atención.

A historia que vos quero contar comeza en Penabranca, vila levantada sobre un outeiro. Vista de lonxe, cando o camiñante sinalaba o perfil, era unha liña branca, unha sucesión de casas pequenas telladas de lousa, caleadas e encintadas. En días solleiros, abertas as ventás da vila orientadas ao sur, víase unha vasta extensión de terras salpicadas de camiños, bosques e aldeas, a masa multicolor da Chaira abríndose aos pés do cordal onde o tempo moldeara tres picos, a escarpada silueta característica da contorna da comarca... No máis alto deles, aberto como boca escura, atopábase a Pena Furada, a morada da Serpe.

Unha rede de regatos cubría as terras, onde non faltaban dous ríos mansos, o río Seco e o Roxedoiro que cruzaban o Boedo, alí poucos se atrevían a penetrar. As terras de Penabranca tiñan no marco do leste a Pena Gallada, no oeste a Pena Queimada, no norte a Pena dos Corvos, e no sur a Pena Furada.

Dicíavos que o pai de Bergan era o señor de Penabranca..., non falo ben. O señor era Ténebro, ao que ninguén coñecía nin vira diante e a quen todos recoñecían como amo de canto había. Se as lebres saltaban, a auga corría, as árbores medraban, o vento

11

Dóniga é unha civilización perdida. Ou case. Desterrados dun tempo remoto, aínda quedan homes e mulleres que gardan celosamente o recordo do seu tempo de esplendor, antes de que chegase a escuridade. Nacido xa neste tempo de penumbra, Bergan iniciará unha viaxe na busca da memoria secreta dos dónigos. Viaxe no espazo pero tamén no tempo, o tempo mítico no que brillou por última vez, antes da súa postremeira apoteose e ocaso, a Cidade da Estrela.


Dóniga is a lost civilization. Or almost. Exiled since remote times, there still are men and women that closely keep the recollection of their time of splendour, before darkness arrived. Already born in these gloomy years, Bergan will begin a journey in the search for the secret memory of the Dóniga people. A travel into space but also into time, the mythical time in which The City of the Star shone for the last time, before its apotheosis and decline.

Dóniga es una civilización perdida. O casi. Desterrados de un tiempo remoto, aún quedan hombres y mujeres que guardan celosamente el recuerdo de su tiempo de esplendor, antes de que llegase la oscuridad. Nacido ya en este tiempo de penumbra, Bergan iniciará un viaje en búsqueda de la memoria secreta de los dónigos. Viaje en el espacio pero también en el tiempo, el tiempo mítico en el que brilló por última vez, antes de su postrema apoteosis y ocaso, la Ciudad de la Estrella.



O País do Gran Furado

Mes de publicación: outubro
Texto: Xerardo Quintiá Pérez
Ilustracións: Noemí López Vázquez
Descrición: 30 p. 19 x 15 cm
ISBN: 9788499953243




É unha obra que resalta polo seu humor irreverente, pola súa transgresión dos contos populares e por reivindicar a poesía, a alegría e a revolución como camiños para procurar a igualdade. MAXI-miliano é un tirano que mantén o seu país con man dura, prohibindo a poesía, a alegría e a felicidade das mulleres. No norte do país rebélase Toribia, unha muller de armas tomar, poeta, revolucionaria e líder dun grupo de rock & roll. Gañadora do II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil pola Igualdade.


This is an oeuvre that stands out for its irreverent humour, its transgression from popular tales and because its claim for poetry, joy and the revolution as paths to achieve equality. MAXI-miliano is a tyrant that keeps his country under control with force, forbidding poetry, joy and happiness for women. In the north of the country, Toribia rebels itself, a decided woman, a poet, a revolutionary and leader of a rock & roll band. Winner of the II Fina Casalderrey children literature for equality Award.

Es una obra que resalta por su humor irreverente, por su transgresión de los cuentos populares y por reivindicar la poesía, la alegría y la revolución como caminos para conseguir la igualdad. MAXI-miliano es un tirano que mantiene a su país con mano dura, prohibiendo la poesía, la alegría y la felicidad de las mujeres. En el norte del país se rebela Toribia, una mujer de armas tomar, poeta, revolucionaria y líder de un grupo de rock & roll. Ganadora del II Premio Fina Casalderrey de Literatura Infantil por la Igualdad.

Trebellos. Lume no ceo

Mes de publicación: setembro
Texto: Pere Tobaruela
Ilustracións: Víctor Boullón
Descrición: 80 p. 21 x 14,3 cm
ISBN: 9788499953267





Dentro de cen anos. A Terra vive momentos convulsos desde hai tempo, habitada por seres con poderes especiais e sen escrúpulos que loitan por controlar o planeta. Os TREBELLOS CA, RU e XEM, única UNIDADE DA GARDA TERRÁQUEA superviviente da GUERRA INFINITA, son o último reduto de esperanza do noso mundo.
Con esta sinopse Tobaruela inicia unha serie protagonizada por robots cunhas características moi peculiares que vivirán aventuras terrestres e interestelares para garantir a supervivencia da Terra.


A hundred years from now. Earth has been experiencing convulsed times for years, inhabited by beings with special powers and without any scruples fighting to take control of the planet. The WIT CA, RU and XEM, the only unit of EARTH GARD that survives from the INFINITE WAR, are the only hint of a redoubt of hope in our world.
With this synopsis, Tobaruela begins a series where robots with very peculiar characteristics are the protagonists, and will live earthly and interstellar adventures to grant the survival of Earth.

Dentro de cien años. La Tierra vive momentos convulsos desde hace tiempo, habitada por seres con poderes especiales y sin escrúpulos que luchan por controlar el planeta. Los INGENIOS CA, RU y XEM, única UNIDAD DE LA GUARDIA TERRÁQUEA superviviente de la GUERRA INFINITA, son el último reducto de esperanza de nuestro mundo.
Con esta sinopsis Tobaruela inicia una serie protagonizada por robots con unas características muy peculiares que vivirán aventuras terrestres e interestelares para garantizar la supervivencia de la Tierra.



Unha pantasma branca

Mes de publicación: febreiro
Texto: Fina Casalderrey
Ilustracións: Cristal Reza
Descrición: 104 p. 19 x 13 cm
ISBN: 9788499953106



Unha sombra rompe a tranquilidade da noite en Penagrande coma unha aparición que viñese do Outro Mundo. Nese intre, un prolongado e agudo sesear cae baixo as árbores. Uns berros inesperados estoupan coma estralos na torre da auga. O pobo enteiro permanece á espreita, sen voz, atemorizado. Por que eses sons asustan tanto a veciñanza? Por que din que anuncia unha traxedia? Diego e Paula na procura de respostas descubrirán un dos seres máis fascinantes da noite: unha pantasma branca.

A shadow shatters the calm of the night in Penagrande, like an apparition that had come from the Other World. At this time, a prolonged and sharp sound falls under the trees. Unexpected screams explode like bursts in the water tower. The entire town remains on the prowl, voiceless, frightened. Why do those sounds scare the neighborhood so much? Why do they say they announce a tragedy? Diego and Paula are looking for answers and will discover one of the most fascinating beings of the night: a white ghost.

Una sombra rompe la tranquilidad de la noche en Penagrande como una aparición que viniese del Otro Mundo. En estos momentos, un prolongado y agudo sesear cae bajo los árboles. Unos gritos inesperados explosionan como estallidos en la torre del agua. El pueblo entero permanece al acecho, sin voz, atemorizado. ¿Por qué esos sonidos asustan tanto a la vecindad? ¿Por qué dicen que anuncian una tragedia? Diego y Paula buscando respuestas descubrirán a uno de los seres más fascinantes de la noche: un fantasma blanco.

Be Water

Mes de publicación: novembro
Texto: Antía Yáñez
Ilustracións: Nana (só portada)
Descrición: 115 p. 20 x 12,7 cm
ISBN: 9788409158768



I

Estaba a ter un soño bonito, un deses nos que ao espertar non lembras nada, pero a sensación de benestar dura aínda minutos. Estaba a ter un soño precioso e por iso cagou en todo ao sentir escorregar pola coxa un líquido viscoso e decatarse de que o seu subconsciente regresaba á realidade.

Cando por fin acordou, despois de que aqueles fermosos ollos verdes se lle esvaecesen da mente contra a súa vontade, apartou as bastas sabas de estopa e observou a mancha vermella que se estendía desde os baixos do camisón ata a cama. Volveu cagar en todo.

Había case un ano que a Iolanda non lle viña a regra. Mirou o berce, aos pés da cama. Unha das poucas cousas boas que tivera quedar embarazada con dezaseis anos, esquecer a menstruación. Levantou a cabeza e observou a hora no reloxo holográfico que se reflectía na parede do fondo da habitación. As cinco e dez.


–Cago en todo –bisbou polo baixo.

11

Xa non existe a Era Superficial no planeta Terra. Tras o Gran Cataclismo, a humanidade sobrevive soterrada nas Colmeas, estruturas elípticas con minúsculos cubículos hexagonais onde dormen os seus habitantes. Iolanda é unha adolescente que, xunto á súa filla e o seu curmán, vive baixo a tiranía da Raíña e a escaseza de auga, un ben que se converteu no artigo máis prezado e polo que a xente é quen de matar.


The Surface Age on planet Earth no longer exists. After the Great Cataclysm, humanity survives buried in the Colmeas, the elliptical structures with tiny hexagonal cubicles where their inhabitants sleep. Iolanda is a teenager who, together with her daughter and her cousin, lives under the tyranny of the Queen and the scarcity of water, a good that became the most precious item and for which people are even willing to kill for.

Ya no existe la Era Superficial en el planeta Tierra. Tras el Gran Cataclismo, la humanidad sobrevive enterrada en las Colmeas, estructuras elípticas con minúsculos cubículos hexagonales donde duermen sus habitantes. Iolanda es una adolescente que, junto a su hija y su primo, vive bajo la tiranía de la Reina y la escasez de agua, un bien que se convirtió en el artículo más preciado y por el que la gente es capaz de matar.



Irmá paxaro

Mes de publicación: novembro
Texto: Tamara Andrés
Ilustracións: María Montes
Descrición: 75 p. 20 x 12,7 cm
ISBN: 9788409158751



Irmá paxaro é o relato da perda da complicidade entre dúas irmás descoñecedoras de que o golpe máis duro é o paso do tempo. A autora, Tamara Andrés, emprega a poesía, nun texto profundamente narrativo, para mostrarnos a dispar evolución de dúas irmás que mantiñan un elo na infancia que lles permitía ser elas mesmas até que quebrou co despregar das ás da irmá pequena.


Irmá paxaro is the story of the loss of complicity between two sisters unaware that the hardest blow is the passage of time. The author, Tamara Andrés, uses poetry in a deeply narrative text to show us the uneven evolution of two sisters who maintained an aura in childhood that allowed them to be themselves until it shattered with the unfolding of the wings of the younger sister.

Irmá paxaro es el relato de la pérdida de la complicidad entre dos hermanas desconocedoras de que el golpe más duro es el paso del tiempo. La autora, Tamara Andrés, emplea la poesía, en un texto profundamente narrativo, para mostrarnos la dispar evolución de dos hermanas que mantenían un eslabón en la infancia que les permitía ser ellas mismas hasta que se rompió con el desplegar de las alas de la hermana pequeña.

O zapateiro e a pompa de xabón

Mes de publicación: xuño
Texto: María Xosé Gulín
Ilustracións: Antía Barba Mariño
Descrición: 32 p. 21 x 30 cm
ISBN: 9788417702779





É o mes de xullo e Xermán e o seu avó están moi ledos porque vén a familia de Inglaterra para pasar as vacacións. A tía Águeda, o tío Pedro e os curmáns Antón e Noa gozan moito destes días en Aloia, especialmente a cativada, que aproveita para bañarse no río. Pero esta tarde o baño váiselle complicar a Xermán por mor dunhas pompas de xabón que o fan vivir unha incrible aventura.


It is July and Xermán and his grandfather are very happy because their UK family is coming to spend the holidays. Aunt Águeda and uncle Pedro, as well as the cousins Antón and Noa, enjoy very much the days at Aloia, especially the children, that ceases the occasion to swim in the river. But this afternoon, the swim will become complicated to Xermán because of soap bubles that will make hip experience an incredible adventure.

Es el mes de julio y Xermán y su abuelo están muy contentos porque viene la familia de Inglaterra para pasar las vacaciones. La tía Águeda, el tío Pedro y los primos Antón y Noa disfrutan mucho de estos días en Aloia, especialmente la chiquillada, que aprovecha para bañarse en el río. Pero esta tarde el baño se le va a complicar a Xermán por unas pompas de jabón que van a hacer que viva una increíble aventura.



Os Bolechas coidan cans e cadelas

Mes de publicación: marzo
Texto: Pepe Carreiro
Ilustracións: Pepe Carreiro
Descrición: 20 p. 16,5 x 16,5 cm
ISBN: 9788417702618



Os Bolechas reciben na súa casa unha chea de cans e cadelas dos seus amigos e veciños. Roberto déixalles ao seu chihuahua Tabasco, Maruxa á súa sanbernardo Olinda, Sabela aos seus buldogs franceses Plis e Plas e Lois a Salchichona. Mais Chispa non quere máis cans ca el na casa e ponse rabioso. Van ter que facer algo.

The Bolechas receive at home a whole bunch of dogs from their friends and neighbours. Roberto lends them his chihuahua Tabasco, Maruxa her Saint Bernard Olinda, Sabela her French bulldongs Plis and Plas and Lois lends Salchichona. But Chispa doesn't want any more dogs in the house and becomes angry. They will have to do something.

Los Bolechas reciben en su casa a un montón de perros y perras de sus amigos y vecinos. Roberto les deja a su chihuahua Tabasco, Maruxa a su sanbernardo Olinda, Sabela a sus buldogs franceses Plis y Plas y Lois a Salchichona. Pero Chispa no quiere más perros en casa que él y se pone rabioso. Van a tener que hacer algo.

Os Bolechas van á xeadería

Mes de publicación: xaneiro
Texto: Pepe Carreiro
Ilustracións: Pepe Carreiro
Descrición: 20 p. 16,5 x 16,5 cm
ISBN: 9788409018222





Os Bolechas van á xeadaría que ten a nai da súa amiga Antonella, unha nena italiana. A nai aproveita para ir facer un recado mentres Antonella lles serve aos Bolechas os xeados. Pero non é tan doado sacar bólas de xeado. Está moi frío e duro e... todos acaban na lavandaría do tío Raffaello.

The Bolechas go to the ice-cream store kept by the mother of their friend Antonella, an Italian girl. The mother takes the opportunity to get some chores done while Antonella serves the Bolechas their ice-cream. But it is not that easy to get the ice-cream balls. It's really cold and hard and... they all end up at uncle Raffaello's launderette.

Los Bolechas van a la heladería que tiene la madre de su amiga Antonella, una niña italiana. La madre aprovecha para ir a hacer un recado mientras Antonella les sirve a los Bolechas los helados. Pero no es tan fácil sacar bolas de helado. Está muy frío y duro y... todos acaban en la lavandería del tío Raffaello.



Os Bolechas. 20 Aniversario

Mes de publicación: novembro
Texto: Pepe Carreiro
Ilustracións: Pepe Carreiro
Descrición: 20 p. 16,5 x 16,5 cm
ISBN: 9788417702847




Con motivo do 20 aniversario dos Bolechas preséntase un libro no formato clásico que reúne catro das primeiras historias ideadas por Pepe Carreiro e que, ademais, agora inclúen a versión en audioconto. Son *Os Bolechas xogan ás escondidas, Os Bolechas teñen gato, Os Bolechas perderon o can* e *Os Bolechas fan un carro*. Catro aventuras que reúnen o espírito da familia máis querida polo público revisadas para adaptalas á actual normativa ortográfica e morfolóxica da lingua galega.

On the occasion of the 20th anniversary of the Bolechas, it is presented a book in a classic format, bringing together four of the first stories devised by Pepe Carreiro and which, in addition, now include the audio-visual version. These are: *Os Bolechas xogan ás escondidas, Os Bolechas teñen gato, Os Bolechas perderon o can* and *Os Bolechas fan un carro*. Four adventures that bring together the spirit of the most loved family by the public, revised to adapt them to the current orthographic and morphological norms of the Galician language.

Con motivo del 20 aniversario de los Bolechas se presenta un libro en formato clásico que reúne cuatro de las primeras historias ideadas por Pepe Carreiro y que, además, ahora incluyen la versión en audiocuento. Son *Os Bolechas xogan ás escondidas, Os Bolechas teñen gato, Os Bolechas perderon o can* y *Os Bolechas fan un carro*. Cuatro aventuras que reúnen el espíritu de la familia más querida por el público revisadas para adaptarlas a la actual normativa ortográfica y morfológica de la lengua gallega.

Naturizo. Onde está Lusco?

Mes de publicación: novembro
Texto: Alba De Evan e Javier Domínguez
Ilustracións: Alba De Evan e Javier Domínguez
Descrición: 40 p. 24,5 x 17,5 cm
ISBN: 9788412005820





Ola! Chámome Naturizo, son un ourizo cacho e vivo na serra de San Mamede, na provincia de Ourense. A miña mellor amiga é a raposa Amelia. Xuntos percorremos fragas e montañas. Na primavera nova vida nace na serra. Os lobetos de Lúa énchena de ledicia, ata que unha misteriosa desaparición require a axuda de Amelia e de Naturizo. Conseguirán resolvela?
Naturizo é unha colección de contos infantís con temática medioambiental e unha forte carga educativa e lúdica.


Hi! My name is Naturizo, I am a porcupine and I live in the Serra de San Mamede, in the province of Ourense. My best friend is the fox Amelia. Together we go through forests and mountains. In spring, new life blossoms in the mountains. The wolverines of Lúa fill her with joy, until a mysterious disappearance requires the help of Amelia and Naturizo. Will they manage to solve it?
Naturizo is a collection of children's stories with environmental themes and a strong educational and recreational load.

¡Hola! Me llamo Naturizo, soy un puerco espín y vivo en la sierra de San Mamede, en la provincia de Ourense. Mi mejor amiga es la zorra Amelia. Juntos recorremos bosques y montañas. En primavera nueva vida nace en la sierra. Los lobeznos de Lúa la llenan de alegría, hasta que una misteriosa desaparición requiere la ayuda de Amelia y de Naturizo. ¿Conseguirán resolverla?
Naturizo es una colección de cuentos infantiles con temática medioambiental y una fuerte carga educativa y lúdica.



A pequena compaña

Mes de publicación: xullo
Texto: Carlos Labraña
Ilustracións: Óscar Villán
Descrición: 120 p. 24 x 17 cm
ISBN: 9788417824044



Ao anoitecer, o mundo dos vivos vaise achegando ao dos defuntos e as ánimas que aínda non atoparon acougo roldan perdidas polos camiños. Pero desta antiga lenda nunca oíran falar Xoaniña, Soldadiño, Pedichón e Medusquiñas, uns nenos que viven gorecidos nunha casa rexentada por unha misteriosa anciá. Isto cambiará coa chegada de dúas personaxes retortas que os obrigarán a fuxir, emprendendo unha viaxe emocionante por unha terra poboada de seres mitolóxicos.


At dusk, the world of the living is approaching the world of the dead and the souls that have not yet found rest wander lost along the roads. But from this ancient legend you have probably never heard of Xoaniña, Soldadiño, Pedichón and Medusquiñas, children who live sheltered in a house run by a mysterious old woman. This will change with the arrival of two twisted characters that will force them to flee, embarking on an exciting journey through a land populated by mythological beings.

